

PEZA DO MES

outubro

2008



SAGRARIO PORTÁTIL



SAGRARIO PORTÁTIL

Século XVII?

Castiñeiro tallado e policromado

37 x 36,6 x 36 cm

Mandín (Verín)


Denomínase mudéxar á poboación musulmana que permaneceu en territorio cristián practicando a súa relixión e conservando a súa cultura, cun status xurídico propio a cambio dunha serie de contrapartidas. Así, pola necesidade duns e a conveniencia doutros, numerosos musulmáns asentáranse nun solar que xa non lles pertence. Dende o século XII ata o século XVI convivirán, con altibaixos, e non de xeito tan idílico como demostran recentes investigacións, as dúas relixións monoteístas.

A arte destas xentes, definida por primeira vez por Manuel de Asías e José Amador de los Ríos, ten como un dos seus trazos máis característicos e definitorios a facilidade dos seus artesáns para os oficios relacionados coa construción. Alarifes, carpinteiros e ferreiros deixarán ver a súa mestría en teitos, portas, beirados e fiestras das grandes mansións da nobreza andaluza e castelá, pero tamén, pola súa gran versatilidade, en obras máis modestas. Pequenas ermidas e igrexas

rurais cubrirán os seus teitos con armaduras de madeira, realizadas ou non por mestres mudéxares.

Esta carpintería denominada do branco require un coñecemento profundo da xeometría e un trazado absolutamente exacto; para conseguilo os artesáns sérvense de xogos de cartabóns e compás que lles permiten definir con precisión todos os cortes de cada unha das pezas que compoñen a armadura. Estas armaduras tiñan ademais unha característica peculiar: as limas desdóbranse permitindo e facilitando os encontros dos diferentes faldóns. A gran vantaxe deste sistema é que permite fabricar a armadura por módulos no chan e ensamblalas in situ, o que posibilitou un despregamento ornamental moi complexo e preciso, que soubo aglutinar e adaptarse aos diferentes estilos artísticos que a arte occidental ía impondo, dende o románico ata o renacemento, pasando logo a América. A característica fundamental da súa decoración son uns trazos xeométricos a base de polígonos e estrelas que se denominan lazos, aparentando ir as súas cintas pasando alternativamente unhas por baixo das outras. O núcleo de onde parte todo adoita ser un polígono ou unha estrela, sempre regular, en torno ao cal van formándose varias series de pezas ou polígonos idénticos entre si, en número igual ao dos lados do motivo central. O costume tradicional español foi designar aos lazos polo número de prolongacións, así hai lazos de catro, de seis, de oito, de dezaseis, etc. A utilización do lazo, segundo observa M. D. Aguiar, ten unha profunda carga transcendente: é símbolo do creado, e a súa rede indestructible é unha firma divina.

Aínda sendo estas realizacións as máis complexas e estudadas, non foi a carpintería do branco o único traballo en madeira. A carpintería de tenda ou ebanistería, chamada en Valencia dos *caixers* e en Aragón dos *cajoneros*, realizou magníficos mobles e foi moi apreciada pola súa rareza e dificultade, servindo en numerosas ocasións como agasallos rexios nas cortes europeas dos séculos XV e XVI. Estes mobles caracterízanse pola súa simetría e polos magníficos traballos de taracea de madeiras finas, óso ou marfil, que se completan con labores de talla e lacería, *ataujerada* ou non. A actividade destes ebanistas tradúcese en multitude de obxectos tanto de uso doméstico como para o servizo litúrxico, desde cadeiras ata armarios de sancristía. A esta tradición decorativa responde este sagrario portátil, destinado a presidir o monumento de Xoves Santo, posiblemente utilizado con posterioridade como armario de sancristía, para gardar os santos óleos ou velas. Comprado en Mandín (Verín), ingresa no Museo



1. Esquema de lacería. (1) Estrella o sino; (2) Almendrilla, (3) Azafate; (3') Azafate harpado; (4) Candilejo; (5) Costadillo.

en 1972. Poucos anos despois, as súas precarias condicións fixeron necesaria unha restauración de urxencia, non moi acertada, pero que axudou á súa conservación. É nese momento cando se lle poñen unhas portas que non tiña, repíntase todo de cor azul, e decóranse as portas e a cuberta orixinal cun motivo de estrelas inscritas en círculos e unha cruz de Calatrava, en cor vermella. A traseira, que conserva a súa pintura orixinal en vermello e amarelo, está dividida mediante un aspa en catro segmentos adornados no seu centro cun motivo de dous C entrelazadas, en cor negra. Os costados, a parte máis interesante, cóbrense con labor de lacería, formada por lazos de dezaseis puntas que describen mediante a combinación de *azafates*, *almendrillas* e *costadillos* unha composición de catro cadrados, cunha pequena estrela na súa intersección e rematada por floco de flores de lis, que van decrecendo para adaptalas ao marco superior.

Polo tipo de madeira en que está realizado cremos que é obra de un carpinteiro local ou do norte de Portugal. As súas mans, non moi destrás, tentaron, con escaso éxito, reproducir un dos debuxos que aparece no tratado sobre carpintería do branco de López de Arenas titulado *Breve compendio de la carpintería de lo blanco, y tratado de alarifes, con la conclusión de la regla de Nicolás Tartaglia, y otras cosas tocantes a la geometría y puntas del compás*, publicado por primeira vez en Sevilla en 1633 e reeditado por última vez en 1912, que quizais puido coñecer a través dalgunha *olam-*

briña ou azulexo, dos que si hai constancia documental en Galicia.


Con todo, a pesar de ser unha peza popular e con moitas imperfeccións, resulta interesante e singular porque se exceptuamos o exemplo illado da igrexa pontevedresa de Santa María de Armenteira, ou as armaduras de par e nudillo, decoradas por lacerías moi simples que se utilizan para cubrir pequenas igrexas románicas da marxe dereita do río Miño, estudadas pola doutora Barriocanal López, as pegadas deixadas na arte e artesanía galega pola poboación mudéjar son pouco significativas.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Ana María Veiga Romero.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: Eidograf.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



RESTAURACIÓN DO SAGRARIO PORTÁTIL.

Cristina Rodríguez Rodríguez
restauradora de pintura

En canto á restauración desta obra é necesario comezar polo estudo material da mesma. Trátase dun ben moble realizado na súa totalidade en madeira de castiñeiro e policromado.



VISTA INICIAL DA TRASEIRA

DESCRICIÓN MATERIAL

O soporte está composto pola adición de varias pezas de madeira ensambladas. Destacan as caras laterais, realizadas cada unha nun só panel de madeira, presentan traballo de talla e ensambles de lazos vistos de colas de miñado que serven para unir o panel liso que constitúe a traseira do moble. A base vai inserida nas rañuras practicadas no interior das caras laterais. Esta base está formada por dúas pezas: un panel cadrado e un listón máis pequeno que entra en contacto coa traseira. Ámbalas pezas afiázanse na súa posición por medio de cravos de forxa. A parte inferior complétase cunha moldura decorativa que tamén vai encaixada nas caras laterais e reforzada por cravos. A cuberta está realizada fundamentalmente con dous paneis convexos e un listón na parte posterior que encaixa nun destes paneis. Tódalas pezas da cuberta van suxeitas ó

conxunto mediante cravos. Derradeiramente o obxecto complétase con dúas portas, unidas mediante catro bisagras pequenas ás caras laterais, e outra peza máis no interior que fai de tope a estas portas.

A policromía orixinal está composta por: unha preparación magra, de grosor variable e de cor beixe; e a película pictórica, que a falta dunha análise, podería dicirse que se trata dunha témpera graxa.

Non se atopa ningún resto de verniz sobre a policromía ou sobre a madeira.

DANOS/ ALTERACIÓNS

Tras un primeiro exame visual da obra foi posible determina-la existencia dun repinte xeralizado da peza, así como a incorporación de elementos engadidos como as portas, de feitura



DETALLE DO PROCESO DE LIMPEZA DA TRASEIRA



LIMPEZA DO INTERIOR

recente. Pero as alteracións que presentaba a obra eran máis:

No soporte destaca o ataque de insectos xilófagos que afecta sobre todo as caras laterais.

Pequenas faltas de soporte, numerosas fendas na madeira, oxidación dos elementos metálicos. A base presenta manchas de tipo graxo e existen depósitos de sucidade nas fendas e nos ensamblaxes.

Na policromía, a pintura orixinal é escasa e tan só permanece na traseira con numerosas faltas, pero que todavía permiten ver os motivos representados.



PROCESO DE ELIMINACIÓN DO REPINTE



SECUENCIA ESTRATIGRÁFICA

Non sucede o mesmo coas outras caras deste obxecto. As caras laterais, que están talladas, amosan moi poucos restos de pintura orixinal e o mesmo acontece na cuberta.

No interior si que se conserva bastante policromía e cunha boa adherencia e cohesión interna.

Aquí os danos son numerosas abrasións e rascaduras, que afectan á capa pictórica, deixando a preparación á vista e dúas queimaduras.

En xeral, onde existe policromía, esta presenta manchas e sucidade, sobre todo, na traseira.

En canto ás intervencións anteriores hai que enumerarlas seguintes:

Colocación dunhas novas portas, pintadas directamente sobre a madeira e cun aspecto envellecido

Reforzo da peza superior que fai de tope ás portas e que estaba rota mediante o encolado e colocación dun listón de madeira.

Recheos dalgunhas faltas de soporte con escaiola.

Repintado xeralizado das caras laterais e da cuberta.

RESTAURACIÓN

En primeiro lugar fíxose unha limpeza de toda a obra con brochas e aspirado da sucidade removida, insistindo nas zonas de ensamblado e unións.

Elimináronse as pezas engadidas: o listón de madeira de reforzo, os recheos de escaiola e as portas, xa que afectan á correcta lectura da obra.

Limpáronse as manchas da madeira, elimináronse os repintes e levouse a cabo a limpeza da policromía orixinal (no interior e na traseira), con varias mesturas de disolventes, despois de facer as pertinentes probas de solubilidade.

Actualmente a obra aínda se atopa en proceso de restauración, expoñéndose con partes non intervidas para poder facer unha comparación entre as mesmas.